

A medida emprenderase mediante a realización de estudos que permitirán, en función dos seus resultados, levar a cabo investimentos en infraestruturas ou servizos para que aumente a demanda dos medios colectivos.

Sinatura: 28 de decembro de 2007.

Importe: 170.000 €.

-Nº: 14.

Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e os colexios oficiais de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, para a realización de accións en materia de certificación enerxética de edificios, no marco do plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2005-2007 correspondentes ao convenio Inega-IDAIE 2007.

Obxecto: a realización de actuacións en materia de certificación enerxética de edificios, actuacións que comprenden as seguintes actuacións:

-Xornadas informativas de presentación da certificación enerxética de edificios.

-Cursos de formación de formadores en certificación enerxética de edificios.

-Cursos específicos de formación sobre certificación enerxética de edificios.

Sinatura: 28 de decembro de 2007.

Importe: 263.000 €.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 26 de febreiro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se abre o prazo para que determinado persoal diplomado sanitario de Atención Primaria solicite os graos I e II de desenvolvemento profesional ou ben a extinción da súa integración funcional.

Como consecuencia das solicitudes presentadas e resoltas de conformidade coa Resolución do 27 de febreiro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional (DOG nº 47, do 7 de marzo), determinado persoal diplomado sanitario está de forma provisional integrado funcionalmente nas unidades e servizos de Atención Primaria e incorporado co mesmo carácter provisional ao réxime extraordinario de carreira profesional deseñado polo Acordo do 4 de xullo de 2006, polo que se regula o acceso extraordinario á carreira profesional do persoal diplomado sanitario con vínculo estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, (DOG nº 155, do 28 de xullo). Esta incorporación especial ao réxime

extraordinario de carreira realizouse co recoñecemento dun pregrao e a percepción do correspondente complemento de carreira.

Neste momento o proceso, caracterizado por situacións xurídicas de provisionalidade, debe ter a súa continuidade, segundo a secuencia temporal establecida nas referidas disposicións, coa avaliación da integración funcional provisional por parte das comisións de avaliación. Os baremos, criterios e procedemento de avaliación para o acceso aos graos I e sucesivos serán os aplicados ao persoal diplomado sanitario que xa accedese anteriormente aos correspondentes graos.

O resultado positivo desta avaliación habilitará, segundo o caso, e para os profesionais que cumpran os requisitos xerais establecidos no decreto (períodos de servizos prestados e situación de activo ou asimilada), o recoñecemento dos graos I e II e a irreversibilidade da integración funcional. O resultado negativo, pola contra, suporá a extinción da integración funcional provisional nos termos previstos no punto 7 da Resolución do 27 de febreiro de 2007: recuperación das condicións previas á integración e perda simultánea de todos os dereitos nados do réxime extraordinario de desenvolvemento profesional, particularmente do complemento de carreira pregrao que neste momento perciben os profesionais.

Dado que as comisións de avaliación se constituíron recentemente e que desenvolven unha tarefa esencial de seguimento da integración funcional e de información aos profesionais e á Comisión Central do resultado do seguimento, resulta oportuno agora optar por un prazo suficiente de presentación de solicitudes que permita exercer as ditas encomendas de seguimento e avaliación coas garantías precisas. Ademais, a propia secuencia temporal deseñada nas normas -graos I e II con efectos de xaneiro de 2008- aconsella acumular nesta única resolución o inicio do procedemento para o acceso aos dous graos.

De conformidade co previsto no punto 7 da Resolución do 27 de febreiro de 2007, e sen prexuízo do mandato a el incorporado para que os órganos directivos das institucións sanitarias lle comuniquen a este centro directivo as avaliacións negativas da integración funcional, con esta resolución incíase tamén o prazo para que os propios interesados poidan instar a extinción da súa integración funcional negativamente avaliada.

En consecuencia, en uso das facultades outorgadas no Acordo do 4 de xullo de 2006, e na Resolución do 27 de febreiro de 2007, logo de acordo adoptado na Mesa Sectorial de Negociación, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-*Obxecto.*

Esta resolución ten por obxecto abrir o prazo para que o persoal diplomado sanitario integrado funcionalmente con carácter provisional nas unidades e servizos de Atención Primaria, de conformidade coa Resolución do 27 de febreiro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional (DOG nº 47, do 7 de marzo), solicite o acceso aos

graos I e II de desenvolvemento profesional ou a extinción da súa integración funcional.

Segundo.-Acceso aos graos I e II de desenvolvemento profesional. Persoal integrado funcionalmente.

Poderá solicitar o recoñecemento dos graos I e, se é o caso, o grao II o persoal a que se refire a disposición primeira que cumpra os seguintes requisitos:

a) Servizos prestados na categoría ou especialidade: para o grao I, 5 anos; para o grao II, 12 anos.

b) Estar en situación de activo ou asimilada.

c) Ter superado favorablemente a avaliación da súa integración funcional, realizada pola correspondente comisión de avaliación en atención do previsto no punto 6 da Resolución do 27 de febreiro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional (DOG nº 47, do 7 de marzo).

Queda exceptuado do cumprimento deste último requisito o persoal que se atope nalgunha das situacións previstas no punto 7 do Acordo de 4 de xullo de 2006.

Para valorar o cumprimento dos requisitos referidos nas alíneas a) e b) atenderase á data 31 de decembro de 2007.

Terceiro.-Extinción da integración funcional proviñional. Persoal integrado funcionalmente.

De conformidade e cos efectos previstos no punto 7 da Resolución do 27 de febreiro de 2007, o persoal ao que se refire a disposición primeira desta resolución poderá solicitar a extinción da súa integración funcional co informe da presidencia da comisión de avaliación sobre o resultado negativo, impeditivo do acceso ao grao I, da integración funcional.

Particularmente, a resolución de extinción da integración funcional suporá a perda do complemento de carreira pregrao, con efectos do primeiro día do mes seguinte a aquel en que se dite a resolución.

Cuarto.-Solicitudes. Persoal integrado funcionalmente.

Cada solicitante deberá cubrir unha única solicitude axustándose necesariamente aos modelos que figuran como anexo.

-Anexo I: solicitude de recoñecemento de graos I e II de desenvolvemento profesional.

-Anexo II: solicitude de extinción da integración funcional.

O profesional poderá presentar a súa solicitude a través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, advertindo que na folla de solicitude debe figurar o selo de rexistro, quedando os orixinais en poder da Administración e expedindo copia para o interesado. A solicitude, debidamente dilixenciada pola presidencia da comisión para facer constar o resultado da avaliación, deberá dirixírselle á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde e presentarse no prazo que se inicia o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 30 de abril de 2008.

Quinto.-Documentación que debe achegarse coa solicitude de recoñecemento dos graos I e II de desenvolvemento profesional:

Xunto co modelo I, que figura como anexo a esta tesolución, os interesados deberán presentar:

a) Certificado acreditativo dos anos de servizos prestados requiridos para cada grao no punto segundo desta resolución, e de situación de activo ou asimilada, emitido polo centro ou centros correspondentes.

b) Autoavaliación/relación de méritos.

Grao I: a autoavaliación deberá axustarse necesariamente ao modelo que figura como anexo II da Resolución do 31 de xullo de 2006, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se inicia o procedemento para o recoñecemento do grao I de desenvolvemento profesional das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 155, do 11 de agosto).

Grao II: a autoavaliación deberá axustarse necesariamente ao modelo que figura como anexo II da Resolución do 30 de maio de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se inicia o procedemento para que determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde solicite o recoñecemento do grao II de desenvolvemento profesional (DOG nº 107, do 5 de xuño).

Os modelos están publicados na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), xunto coas indicacións para formalizados.

c) Documentación acreditativa dos méritos correspondentes a outras actividades: formación continuada; actividade docente; compromiso coa organización. Deberán xuntarse as certificacións acreditativas correspondentes.

Sexto.-Avaliación dos graos I e II de desenvolvemento profesional:

A avaliación para o acceso aos graos I e II realízase consonte os baremos, criterios e procedementos establecidos na Resolución do 31 de xullo de 2006 (DOG nº 155, do 11 de agosto) pola que se inicia o procedemento para o recoñecemento do grao I de desenvolvemento profesional das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, e Resolución do 30 de maio de 2007 (DOG nº 107, do 5 de xuño), pola que se inicia o procedemento para que determinado colectivo de persoal estatutario das categorías de diplomados sanitarios do Servizo Galego de Saúde solicite o recoñecemento do grao II de desenvolvemento profesional.

Segundo o establecido na Resolución do 27 de febreiro de 2007, o recoñecemento dos graos I e II de desenvolvemento profesional terá efectos do 1 de xaneiro de 2008.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

ANEXO I

Solicitud de recoñecemento dos graos I e II de carreira profesional (persoal diplomado sanitario de Atención Primaria integrado funcionalmente)

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS	
Apelidos e nome:	Código numérico persoal:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Categoría:	Xerencia de Atención Primaria (destino actual):
Situación administrativa	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/>
	Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN QUE:

Estando en situación de integración funcional provisional nas unidades e servizos de Atención Primaria, de conformidade coa Resolución do 27 de febreiro de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional (DOG nº 47, do 7 de marzo), e reunindo os requisitos básicos para acceder ao correspondente grao de carreira profesional (servizos prestados/situación de activo ou asimilada), segundo a documentación que se relaciona:

- Certificado de servizos prestados (referencia do 31 de decembro de 2007)
- Anexo II da Resolución do 31 de xullo de 2006 (DOG nº 155, do 11 de agosto)
- Anexo II da Resolución do 30 de maio de 2007 (DOG nº 107, do 5 de xuño)
- Documentación adicional

SOLICITA:

- O recoñecemento do grao I de carreira profesional
- O recoñecemento do grao II de carreira profesional

....., de 2008.

Sinatura:

DILIXENCIA: para facer constar que a integración funcional do/da solicitante foi avaliada:

- Para acceder ao recoñecemento do grao I: Positivamente Negativamente
- Para acceder ao recoñecemento do grao II: Positivamente Negativamente

....., de de 2008.

O/A presidente/a da Comisión de Avaliación

ANEXO II

Solicitude de extinción da integración funcional (persoal diplomado sanitario de Atención Primaria integrado funcionalmente)

DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS	
Apelidos e nome:	Código numérico persoal:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Categoría:	Xerencia de Atención Primaria (destino actual):
Situación administrativa	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/>
	Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN QUE:

Estando en situación de integración funcional provisional nas unidades e servizos de Atención Primaria, e resultando negativamente avaliada a dita integración

SOLICITA:

A extinción da súa integración funcional, nos termos previstos no artigo 7 da Resolución do 27 de febreiro de 2007 (DOG nº 47, do 7 de marzo), achegando a seguinte documentación:

- Informe do órgano de avaliación.

..... de 2008.

Sinatura:

DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL (SERGAS)

Edificio administrativo San Lázaro s/n - 15703 Santiago de Compostela

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 6 de marzo de 2008, do tribunal designado pola Orde do 25 de febreiro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 43, do 29 de febreiro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), pola que se lles dá publicidade a determinados acordos do tribunal sobre a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 6 de marzo de 2008, o tribunal designado pola Orde do 25 de febreiro de 2008 (DOG nº 43, do 29 de febreiro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), adoptou os seguintes acordos sobre a realización do primeiro

exercicio da fase de oposición, de conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria:

1. O primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 18 de abril de 2008 no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 18.00 horas.

2. Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

3. Nos recintos onde se realice o exercicio non se permitirá o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso con calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2008.

Marta Pérez López
Presidenta do tribunal